





# FERVENZA DAS HORTAS


Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2017



**Distancia:** Arzúa-As Hortas: 12 km  
fervenza: 1 km (ida e volta)  
**Dificultade:** baixa



Un pequeno roteiro polo rego de Saímes ou de Santa Marta, que na zona é fronteira natural entre os concellos de Arzúa e Touro. Un pouco antes de entrar no Ulla, cae nun desnivel duns 30 m en gneis mesturados con cuarcitas, para formar unha fermosa ferverza, sen moito caudal pero cunha altura importante -das máis altas de Galiza-, nun espazo no que ten ao seu pé outra máis pequena, un muíño e os restos de outros.



Os cáncaros (*Primula acaulis*) son das primeiras plantas en florecer nos noiros húmidos e á beira dos prados e dos ríos.

## COMO CHEGAR:

Sáimos de Arzúa pola estrada que vai ao encoro de Portodemouros e Vila de Cruces e, a uns 8,5 km, en Dombodán, temos un desvío a dereita sinalizado cun indicador verde-amarelo de ferverza das Hortas. Por el, en 2 km, chegamos a **Hortas** e a un empalme da estrada que ten un serradoiro á esquerda, alí collemos á esquerda e a 500 m temos un desvío á dereita, tamén sinalizado, que nuns 150 m nos leva ao aparcamento do que sae o camiño que baixa á ferverza.

O camiño está acondicionado con varandas e escaleiras. Despois da forte baixada, desde Hortas (Arzúa), podemos facer un curto percorrido polo espazo de arredor, para ver de preto o muíño, a ferverza pequena e gozar do bosque ata onde o río se encora.

Volvemos logo ao pé da ferverza para cruzar o regueiro e, agora por Touro, enfrontarnos a unha subida intensa na primeira parte e de bo andar logo, para volver a pasar o río, entubado debaixo do asfalto, ao pé do segundo muíño da ruta (se seguimos o camiño podemos achegarnos ao **Ulla**), e subir de novo para completar o pequeno percorrido circular.

Este espazo é parte do PR-G 169 que percorre o sur do concello de Arzúa.



Verán de 2005



Ferverza das Hortas. Tamén se chama ferverza de Santa Marta. Conta unha lenda que unha moza que foi empurrada desde o alto da ferverza salvouse ao invocar a Santa Marta.





Abeleira medrando nos restos do atranco dun muíño xa desaparecido.



As frondes dos fentos forman unha espiral antes de abrir



Herba das almorás (Ranunculus ficaria)



Muíño ao pé da ferverza pequena